

ANUNCIO

Contratación de 1 Operario/a de Limpeza en réxime de persoal laboral fixo indefinido, proceso estabilización Lei 20/2021 (2022/E001/000019)

O día 10/03/2025 mediante a Resolución da Alcaldía, núm. 293/2025, resolvese:

PRIMEIRO

Aprobar a proposta de contratación para a cobertura en propiedade de seis prazas convocadas de operario/a de limpeza (C06), correspondente á OEP extraordinaria do 2022, do Concello de Rianxo, elevada a esta alcaldía polo Tribunal cualificador a través do anuncio de data 19/02/2024, do seguinte teor literal:

"...Declarar que teñen superado o proceso selectivo as aspirantes que a continuación se relaciona, e propón á Alcaldía para que sexan seleccionadas para a cobertura en propiedade das seis prazas convocadas de operario/a de limpeza (C06) e adquiran a condición de persoal laboral fixo ao servizo do Concello, por ter acadado a maior puntuación:

DNI	Nome e Apelido	Puntuación total
***7994**	Iglesias Tubío, Eva María	100,00
***1412**	Rey Martínez, María Luisa	100,00
***5479**	Rial Rodríguez, Juana	100,00
***6111**	Romero Vázquez, Rosa María	100,00
***8039**	Sobradelo Figueiro, Rosa María	100,00
***7033**	Herbón Iglesias, Magdalena	55,00

..."

SEGUNDO

Contratar, en réxime de persoal laboral fixo, cun contrato laboral fixo indefinido como operario/a de limpeza do Concello de Rianxo, as persoas que se indican a continuación, nos destinos que se indican, tendo estes o carácter de definitivos, xa que se trata de prazas para postos iguais, e faise a favor das persoas que obtiveran as prazas obxecto da convocatoria, de conformidade co establecido na Base Décimo Segunda.3:

Apelidos e nome	DNI	Puntuación Acadada	% xornada	Adscripción Definitiva
Iglesias Tubío, Eva María	***7994**	100,00	100	Unidade de mantemento e limpeza de bens municipais

Rial Rodríguez, Juana	***5479**	100,00	100	Unidade de mantemento e limpeza de bens municipais
Romero Vázquez, Rosa María	***6111**	100,00	100	Unidade de mantemento e limpeza de bens municipais
Sobradelo Figueiro, Rosa María	***8039**	100,00	100	Unidade de mantemento e limpeza de bens municipais
Herbón Iglesias, Magdalena	***7033**	55,00	100	Unidade de mantemento e limpeza de bens municipais

TERCEIRO

Propoñer, con arranxo á orde de prelación resultante da puntuación acadada no proceso selectivo, a selección e declaración como persoal laboral fixo da persoa que ocupa o 1º posto da relación/listaxe complementaria de aspirantes conformada para o efecto polo tribunal que, neste caso, é ISABEL VILLANUSTRE VIDAL.

A candidata proposta, tal e como establece a Base Décimo Segunda das Bases, deberá achegar, no prazo de vinte días hábiles, contados a partir do seguinte da publicación desta Resolución, os documentos acreditativos dos requisitos esixidos para cubrir a praza convocada e que son os que figuran no Anexo I das Bases Específicas que rexen o proceso. A falta de presentación en prazo da documentación esixida será equivalente á renuncia e desistencia dos dereitos inherentes.

CUARTO

Publicar esta Resolución no BOP e DOG, así como no taboleiro de anuncios (físico e electrónico), e páxina web municipal, sen prexuízo da súa notificación individualizada ás persoas interesadas, indicándolle que a formalización do contrato laboral e incorporación, deberá producirse, en todo caso, no prazo máximo dun mes dende o día seguinte ao da publicación da resolución no BOP.

QUINTO

Comunicar esta contratación ao Servizo Público de Emprego, á Seguridade Social e as persoas interesadas e dar traslado ao Departamento de Persoal e Intervención para que realicen os trámites oportunos, así como ao Comité de Empresa do Concello de Rianxo para o seu coñecemento.

Contra dita resolución poderá interpoñerse, con carácter potestativo, recurso de reposición ante o Sr. Alcalde no prazo dun mes, contado dende o día seguinte ao da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, ou ben, recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, contados dende o seguinte ao da súa publicación, ante os Xulgados do Contencioso-administrativo, de conformidade co disposto na Lei 39/2015 de 1 de outubro e na Lei 29/1998 de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, significándolle que no caso de

interpoñer recurso de reposición, non poderá interpoñer o recurso contencioso administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación por silencio administrativo.

O presente anuncio sorte os efectos da notificación, de conformidade co disposto no artigo 45 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común.

Rianxo, martes 18 de marzo de 2025.

O alcalde, Julián Bustelo Abuín